


1 A lírica profana

De acordo co xa sinalado na unidade anterior, a lírica profana está constituída polos seguintes xéneros e subxéneros:



2 A cantiga de amigo

As **cantigas de amigo** son composicións profanas da lírica galego-portuguesa nas que un poeta (un home) pon en boca dunha **doncela** (a amiga), nun discurso emotivo e apaixonado, a expresión dos **sentimentos** de amor (pena, alegría...) que esta ten polo seu amigo.

Tanto na cantiga de amigo coma na de amor, o argumento fundamental é o **amor**, pero os dous xéneros distínguense porque nesta o poeta fala en primeira persoa, mentres que naquela finxe que é **unha muller** a que expresa os seus sentimentos, tal como se manifesta no seguinte fragmento da Arte de Trobar do CBN:

E porque algúas cantigas i há en que falam eles e elas outrossi, por én é bem de entenderdes se som d'amor, se d'amigo: porque sabede que, se eles falam na primeira cobra e elas na outra, é d'amor, porque se move a razond'ele (como vos ante disse-mos); e se elas falam na primeira cobra, é outrossi d'amigo; e se ambos falam en ûa cobra, outrossi é segundo qual deles fala na cobra primeiro.

2.1 Orixes

A cantiga de amigo é un **xénero autóctono**, isto é, procede dunha primitiva poesía oral que debeu de existir no noroeste peninsular e que cómpre relacionar cunha poesía feminina que se deu tamén noutros puntos de Europa, como Francia, Alemaña ou Sicilia.

Na Península, as *kharxas* mozárabes do século XI presentan moitas semellanzas coas nosas cantigas de amigo.

Cantiga de amigo

Preguntar-vos quer'eu, madre,
que mi digades verdade,
se ousará meu amigo
ante vós falar comigo.

Pero Meogo

Kharxa

Ya Mamma, me-w-l-habibe
bais e no más tornarade.
Gar ké fareyo, ya mamma:
¿No un bezyello lesarade?

Abu-l-Walid Yunus

Madre, o meu amigo/vaise e non volverá máis./Dime que farei, madre:/non me deixará un biquiño?

② A cantiga de amigo

2.2 Clasificación

Podemos clasificar as cantigas de amigo atendendo a dous puntos de vista diferentes: as **voces** que interveñen e a **temática**.

Segundo as voces que interveñen

Cantigas monologadas	Intervén unha soa voz (amiga), que se dirixe a un destinatario (amigo, irmás, amigas, nai, natureza...) que non participa.	Mandad'ei comigo, ca ven meu amigo. E irei, madr' a Vigo Martin Codax
Cantigas dialogadas	Interveñen dúas ou máis voces en forma de conversa (amiga/nai...).	-De que morredes, filha, a do corpo velido? -Madre, moiro d'amores que mi deu meu amigo. Alva e vai liero. D. Dinís
Cantigas narrativas	Quen fala non se dirixe a ningún destinatario explícito (3ª persoa).	O anel do meu amigo perdi-o so lo verde pino e chor' eu, bela! Pero Gonçalves de Portocarreiro

Segundo a temática

Mariñas ou barcarolas	Desenvólvense nunha paisaxe mariñeira (a amiga dialoga coas ondas, vai esperar a chegada de navíos etc.). Sempre levan refrán.	Nas barcas novas foi-s'o meu amigo d'aquí e vej'eu viúr barcas e tenho que ven i, mia madre, o meu amigo. Juião Bolseiro
Balladas	Exprésase a ledicia de amar e vivir. Adoita producirse unha invitación ao baile . Levan sempre refrán.	Bailemos nós já todas tres, ai amigas, so aquestas avelaneiras froldas; e quen fôr belida, como nós, belidas, se amig' amar, so aquestas avelaneiras froldas verrá bailar. Airas Nunes
Cantigas de romaría	Relaciónanse coas romaxes e coas peregrinacións a ermidas, igrexas e santuarios onde se producía o encontro dos namorados.	Pois nossas madres van a San Simón de Val de Prados candeas queimar, nós, as meninhas, punhemos d'andar con nossas madres, e elas entón queimen candeas por nós e por si, e nós, meninhas, bailaremos i. Pero Vivíaz



2.3 Características xerais

- Os elementos fundamentais para identificar un texto como cantiga de amigo son:
- A **voz poética** é sempre **feminina** (normalmente fala unha doncela, pero tamén pode intervir a nai, unha confidente etc.).
 - Nos primeiros versos da cantiga adoita aparecer a palabra clave «**amigo**».
- Fóra destes trazos básicos, a **ambientación**, os **destinatarios** e a **forma** tamén permiten clasificar unha cantiga entre as de amigo.

Ambientación

Presenza dun **medio rural** e doméstico pouco detallado. É unha paisaxe bucólica e primaveral na que aparecen fontes, ríos, igrexas, ermidas, aves, cervos etc. con claro valor simbólico. Nalgúns destes lugares prodúcese o encontro co amigo.

Se oj'o meu amigo

soubess', iría migo:

Eu al rio me vou banhar.

Estevan Coelho

Fui, eu, madre, lavar meus cabelos
a la fonte e paguei-m'eud'elos
e de mi, louçaa.

Joán Soarez Coelho

Destinatarios

Son abondosas as cantigas nas que a amiga se dirixe a personaxes distintas do amigo (amigas, irmás, nai, natureza).

Amigas, o que mi quer ben
dizen-mi ora multos que ven;

Joán Airas

Forma

Desde o punto de vista formal, a cantiga de amigo adoita estar estruturada en cobras de **2, 3, ou 4 versos con refrán**, aínda que tamén pode ser de mestría.

Os trazos característicos son:

- **Paralelismo**: Procedemento repetitivo polo que as palabras ou ideas dunha cobra volven aparecer na seguinte con mínimas modificacións.
- **Leixaprén**: Consiste na repetición dos segundos versos dun par de cobras como primeiros do par seguinte.
- **Refrán**: Verso ou versos que se repiten ao final de cada cobra.


Desde o punto de vista narrativo, a primeira cobra concentra toda a mensaxe, mentres que as demais (a través do paralelismo e o leixaprén) son repetición con mínimos avances no argumento.

Textos contaminados

Tamén atopamos algunhas cantigas de amigo tinxidas con elementos da cantiga de amor provenzal.

Aquestas coitas que de sofrer ei,
meu amigo, muitas e graves son;
e vós mui graves, á i gran sazón,
coitas sofredes; e por én non sei,
d'eu por vasal[o] e vós por senhor,
de nós qual sofre máis coita d'amor.

Rodrigu'Eanes de Vasconcelos



Nuno Trêez

② A cantiga de amigo

2.4 Temática

As **liñas temáticas** das cantigas de amigo son semellantes ás das cantigas de amor: o **amor non correspondido**, motivo de sufrimento e queixa da amiga.

Porén, nalgunhas cantigas de amigo, (bailadas e cantigas de romaría), pode darse o **amor correspondido**, polo que amiga manifestará sentimentos de ledicia.

Motivos temáticos das cantigas de amigo	
Auto-loanza da amiga: a amiga gábase a si mesma.	Fui eu, fremosa, fazer oraçon. E quen for velida, como nós, velidas.
Ausencia do amigo: o amigo está na guerra ou na corte servindo ao rei, non acode a unha cita, non cumpriu o acordado etc.	En cas d'el rei; No ferido; No fossado. E o'jest'o prazo saído.
A coita de amor: o sufrimento da amiga pola ausencia do amigo pode manifestarse a través de expresións de desesperación, dor, celos, resignación...	Coitada sejo no meu coraçón. Vedes, amigo, ond'ei gram pesar.
A prohibición: o impedimento para verse co amigo pode ser explícito (prohibición da nai...) ou por forza maior (por estar o amigo servindo ao rei etc.).	Leixade-m'ir con el falar. Foi-s'o meu amigo d'aquí na oste.
A ledicia da amiga: nalgunhas cantigas a amiga manifesta a súa alegría porque se produciu ou se vai producir o encontro co amigo.	...mi veo muito ven: ca veo meu amigo. ...andarei leda, meu amigo, pois vos vejo.

2.5 Personaxes

A amiga

Preséntase facendo unha **loanza** das súas calidades físicas: aparece como «fremosa», «velida», «bon parecer», «bon semelhar», «ben talhada», «louçana»...

A do mui bon parecer
mandou lo adufe tanger:
louçana d'amores moir'eu.

Martin de Ginzo

Dizia la ben talhada:
agora viss'eu, penada,
ond'eu amor ei!

Pedr'Eanes Solaz

É o **suxeito lírico** das cantigas de amigo. Nelas analízanse os diversos estados anímicos polos que pasa a namorada.

Algunhas veces **dirixese** ao amigo (ausente) e fala dos seus sentimentos; outras dirixírase á nai, a unha irmá, ás amigas, á natureza etc.

Quero-vos, eu, mia irmãã, roguar

Bernal de Bonaval

Chus mi tarda, mhas donas, meu amigo

Joán García de Guilhade

Manifesta a miúdo un **sentimento de coita** polo amor non correspondido ou pola ausencia do namorado, pero tamén pode expresar a súa alegría, timidez, arrepentimento, celos, impaciencia, ira, vinganza etc.

Ai meu amigo, coitada
vivo, por que vos non vejo

Martin de Padrozelos

Ai, madr'o meu amigo, que non vi
á gram sazón, dizen-mi que é 'qui;
madr, per bõa fé, led'and'eu

Nuno Fernandez Tomeol

A pesar de ser unha rapaza aparentemente inexperta en temas de amor, as palabras da amiga non están exentas, moitas veces, de certa malicia, como se pode comprobar nesta cobra dunha cantiga de Johan Zorro:

Pela ribeira do rio salido
trebellei, madre, con meu amigo:
*amor ei migo
que non ouvesse!
Fiz por amigo
que non fezesse!*

Sen meu amigo manh'eu senhelra
e sol non dormen estes olhos meu
Juião Bolsel

O amigo

Fálase constantemente del, pero aparece nun **segundo plano**. Case sempre está ausente (por atoparse servindo ao rei, na guerra etc.) e, polo tanto, non intervén.

Ai, madre, que queixum'ei
que non veo meu amigo

Roi Fernandez

Indirectamente sabemos que pode amosar distintas actitudes: positivas (ledo, triste, desesperado, morto de amor...), pero tamén negativas (frívolo, falso, desleal, traidor...).

Anda [mui] triste [o] meu amigo,
mia madr', e á de mi gram despeito,

Estevan Reimondo

Gran sazon á, meu amigo,
que vos vós de mi partistes

Martin de Padrozelos

Ai, fals'amigu'e sem lealdade!
ora vej'eu gram falsidade,

Don Dinís

A nai

Personaxe fundamental nas cantigas de amigo e con **autoridade** sobre a filla, escoita os problemas que esta formula e mesmo intervén con frecuencia.

Mia madre, venho-vos rogar
como roga filh'a senhor:

Afonso Mendez de Besteiros

Filha fremosa, vedes que vos digo:
que non faledes ao voss'amigo
sen mi, ai filha fremosa

Johan Servando

As veces pode haber **diálogo** entre nai e filla (nalgunhas cantigas é a nai quen fala).

De que morredes, filha, a do corpo velido?

Madre, moiro d'amores que mi deu meu amigo.

Don Dinis

Nalgunhas ocasións aparece unha nai **hostil**, que tenta obstaculizar as relacións amorosas da filla ou as prohibe.

Porque vos quer'eu mui gran ben,
amig', anda-mi sanhuda
mia madr' e sãõ perduda

Nuno Perez Sandeu

En xeral, a nai exerce unha función de **confidente, conselleira e protectora** da amiga.

Vejo-vos, filha, tan de coraçõ
chorar tan muito que ei en pesar


Pero de Veer

Ai, madr'o que me namorou
foi-se noutro dia d'aquí
e por Deus, que faremos i,

Pero da Ponte

Actividades

- 1 Que características nos permiten adscribir as cantigas da escolma ao xénero da cantiga de amigo? Son cantigas de refrán ou de mestría?
- 2 Sinala cales teñen forma monologada e cales dialogada.
- 3 Indica que cantigas da escolma pertencen a algún subxénero.
- 4 Comenta os poemas 4 e 9 desde o punto de vista formal.



② A cantiga do amigo

Outros personaxes

A **irmá** adopta é **acompañante** ou **confidente** da amiga (faise partícipe das súas penas e ledicias) e tamén pode desempeñar unha función semellante á da nai, en ausencia desta.

A **amiga** tamén é **acompañante** ou **confidente** da namorada. Nalgúns casos pode facer de «mandadeira» (recadeira) entre os namorados e mesmo amosar unha actitude conciliadora.

Amiga, des que meu amigo vi
el por mi morr', e eu ando des y
namorada.

Lourenço, jogral

A **natureza**, ademais de marco ambiental e simbólico, pode funcionar como un **personaxe interpelado pola amiga**. Abrangue non só os animais (os cervos...) senón, e sobre todo, outros elementos como as ondas, o mar ou as árbores, que incluso lle dan unha resposta tranquilizadora.

Ay ondas, que eu vin veer,
se me saberedes dizer
porque tarda meu amigo
sen min?

Martin Codax

Ai flores, ai flores do verde pino,
se sabedes novas do meu amigo!
[...]

Vós preguntades polo voss'amigo?
E eu bem vos digo que é san'e vivo.

Don Dinís

Quero-vos eu, mha irmana, rogar
por meu amigu'e quero-vos dizer
que vos no pés de m'el viir veer;
Bernal de Bonaval

Ai cervos do monte, vínvos preguntar
fois'o meu amigu'e, se alá tardar,
qué farei, velidas?
Pero Meogo

2.6 Simbología

A **inocencia** das cantigas de amigo e a inxenuidade da amiga non o son tanto pois termos e accións remiten a outros significados ben coñecidos polo público da época. Os textos poden ter dúas lecturas: unha superficial (literal) e outra máis profunda tendo en conta esta simbología oculta.

Elementos	Simbología
A natureza	Trátase dunha paisaxe primaveral, lugar ideal (<i>locus amoenus</i>) asociado á vida que renace, á fertilidade e ao amor.
As árbores e as flores	As «flores do verde pino» relaciónanse coa chegada da primavera , escoitan á amiga e consólanla; as «avelaneiras frolidas» representan a fecundidade .
A auga	A auga limpa e clara simboliza a pureza (virxitude da amiga), mentres que a auga turbia alude á perda desa pureza (perda da virxitude).
O mar	É elemento de separación entre os namorados, pero tamén pode simbolizar a paixón amorosa da amiga. O baño no mar pode representar a purificación , pero tamén se relaciona co erotismo e a fecundidade . As ondas escoitan e consolan á namorada.
A fonte	Lugar de encontro dos namorados, simboliza o principio do amor e da fecundidade .
Os cabelos	O feito de lavar os cabelos relaciónase cos preliminares do encontro amoroso e ten un claro significado erótico igual ca o lavado das camisas.
O cervo	Nas cantigas identifícase coa figura do amigo ou namorado.



2.7 Algúns autores

Mendinho

Xograr galego do que non chegou a nós máis ca un poema, unha das máis fermosas cantigas de amigo que se coñecen. O poema presenta a doncela agardando polo seu amigo na illa de San Simón (ría de Vigo). A marea vai subindo e a amiga, véndose rodeada polas ondas e desamparada, sente que vai morrer (simbolicamente). O tema da cantiga céntrase así na expresión de soidade e angustia da namorada.

Martin Códax

Xograr do século XIII tamén orixinario de Vigo, de quen conservamos no Pergamiño Vindel sete cantigas de amigo coas melodías de seis delas. Algunhas teñen unha certa continuidade narrativa, como se pertencesen ao mesmo entramado argumental.

Pero Meogo

Coñécense nove cantigas de amigo deste xograr do século XIII. As súas composicións teñen unha grande unidade temática, e recorre a miúdo a símbolos eróticos (o cervo que vai á fonte, a rotura do brial etc.).

Joán de Cangas

Xograr do século XIII natural de Cangas do Morrazo. Só conservamos deste autor tres cantigas de amigo (máis concretamente de romaría), que fan referencia ao santuario de San Mamede do Mar, situado en Beluso (Bueu).

Actividades

- 5 A quen se dirixe a amiga nos textos 2, 3, 4, 5, 7 e 9?
- 6 Fai un resumo do contido das cantigas 1, 2, 3, 7 e 9. Despois, analiza os estados de ánimo da amiga.
- 7 A pesar de ser unha rapaza inexperta en temas de amor, as palabras da amiga non están exentas, moitas veces, de certa malicia. Comenta o que insinúa nos textos 6 e 10.
- 8 Analiza o personaxe da nai nos textos 7 e 8.
- 9  **Pensa e comparte en parella.** Na composición de Mendinho a angustia da amiga vai medrando progresivamente. Sinala que elementos contribúen a expresar este desacougo.
- 10 Nunha primeira lectura, a mensaxe da cantiga de Mendinho é simple: «Unha doncela agarda na ermida de San Simón, situada na ría de Vigo, o regreso do seu amigo. Obcecada pola idea dese regreso, allea ao que acontece arredor, só se decata de que nin o amigo irá nin poderá fuxir de alí porque as augas do mar a cercan e baten furiosamente. Só lle queda agardar pola morte». Mais, alén desta lectura, tamén pode existir outra máis profunda. Tenta averiguar cal é e procura a información que che permita realizar unha axeitada interpretación do texto.
- 11 Tenta contrapoñer o que se indica no texto 2 co que adoita suceder nas cantigas de amigo.
- 12 Describe a paisaxe que se atopa nas cantigas da escolma.
- 13 Que papel xogan o mar ou as ondas nas cantigas 1, 3 e 4?
- 14 Identifica os símbolos que aparecen no texto 8 e explica o seu significado.
- 15 Baseándote no estudado, elabora un comentario o máis completo que poidas sobre o texto 9 da escolma.
- 16 Escoita a canción de Lucía Pérez «Ai amor» e establece semellanzas e diferenzas coas cantigas de amigo.